



CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE NICHOS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que D. Manuel Iglesias Canicoba, DNI _____ presentou con data de 23 de marzo de 2026 (rex. entrada núm. 1068), a correspondente solicitude dun nicho no cemiterio municipal.

Considerando que a documentación aportada pola persoa interesada atópase correcta, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, aportándose a estes efectos polo interesado unha declaración responsable, e comprometéndose o mesmo a aportar, en canto lle sexa posible os certificados correspondentes.

Considerando que, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións, e tendo en conta a urxencia da necesidade de dispor de inmediato dun nicho no cemiterio municipal, tendo conta de que, producido o falecemento da súa parella o día 22 de marzo de 2026, o enterro terá lugar no día da data, 23 de marzo de 2026.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPONSE** como adxudicatario dun nicho do cemiterio municipal a D. Manuel Iglesias Canicoba, DNI _____ de acordo co solicitado con data de 23 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 1068).



CONCELLO DE TEO

Visto o artigo 19 do Prego de condicións da concesión de nichos e panteóns do cemiterio municipal de Teo, do 15 de marzo de 2021, aprobado mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 163/2012).

Visto o informe proposta dos servizos sociais do Concello para a concesión de nichos en situacións de emerxencia social, do 23 de marzo de 2026, incorporado ao expediente.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz